

REVISTA ESCOLAR

TORTÍN

CEIP RIOTORTO CURSO 2021-2022



PROMOCIÓN DE FIN DE ETAPA DE INFANTIL



CEIP PLURILINGÜE DE RIOTORTO

PAULA MARCOS

MARIVÍ JAIRO PILAR MARÍA MARGARITA LORENA

6º EDUCACIÓN INFANTIL
PROMOCIÓN 2019-2022

This graphic features a bright orange background. At the top, a white banner with a scalloped edge contains the school's name. Below it are two student portraits. The middle section displays six teacher portraits in a row. The bottom section has a white banner with the text '6º EDUCACIÓN INFANTIL PROMOCIÓN 2019-2022' flanked by two sets of colorful pencils. Decorative elements include a pencil on the left, puzzle pieces on the top right, and a paint palette on the right.

PROMOCIÓN DE FIN DE ETAPA DE PRIMARIA



CEIP PLURILINGÜE DE RIOTORTO

PAULA ÓSCAR CAROLINA DANIEL

PILAR SILVINA JAIRO MARÍA MARIVÍ MARGARITA LORENA

6º EDUCACIÓN PRIMARIA
PROMOCIÓN 2013-2022

This graphic features a light blue background. At the top, a blue banner with a scalloped edge contains the school's name. Below it are four student portraits in a row. The middle section displays seven teacher portraits in a row. The bottom section has a blue banner with the text '6º EDUCACIÓN PRIMARIA PROMOCIÓN 2013-2022' flanked by two sets of colorful pencils. Decorative elements include a graduation cap on the left and paper clips on the top right.

ÍNDICE:

O TORTIN	1
OS BOLECHAS NO COLE: OS TIBURÓNS	2
HALLOWEEN	6
MAGOSTO	9
SOTAVENTO	11
SAÍDA A LUGO	13
NADAL.....	16
O DÍA DA PAZ	20
ENTROIDO.....	21
SAÍDA A MONFORTE DE LEMOS.....	25
SAÍDA Á PISCIFACTORÍA «TROITAS GAVÍN».....	28
LETRAS GALEGAS: MANUEL DELGADO GURRIARÁN.....	31
CERTAME AVELINO DIAZ.....	34
A BIBLIOTECA.....	36
PLAN PROXECTA: PASAPORTE SOLIDARIO	39
A NOSA ANPA.....	41
OUTROS MOMENTOS ESPECIAIS	42
UN ATA SEMPRE	46
OS NOSOS.....	47

O TORTÍN



O **Tortín** é o logotipo da nosa revista escolar. O debuxo foi creado por un alumno do colexio no seu momento, e que se converteu en símbolo da nosa revista escolar. O “Tortín” é a revista escolar que publicou sempre o CEIP de Riotorto. Elabórase con traballos realizados polo alumnado e coas colaboracións dos mestres e mestras do centro, ademais da colaboración da ANPA do centro.

Esta revista alberga no seu interior todos os momentos que compartimos xuntos durante este curso 2021-2022. Gustaríanos que con esta revista chegase ás vosas mans un medio de entretemento e diversión, así como unha fermosa lembranza para poder revivir, coas vosas familias, todo o acontecido ao longo deste curso.

Agradecemos de corazón a implicación a todas aquelas persoas que colaboraron con nós e cos proxectos e actividades aquí recollidas.

Agardamos que gocedes lendo o noso «Tortín»!!



OS BOLECHAS



NO COLE



Braulio, o director do programa "Os Bolechas no cole" do Xabarín Club formulou ás rapaz e rapazas do Colexio de Riotorto a seguinte pregunta: **QUE SON OS TIBURÓNS?**



Desde ese mesmo momento, abrimos as portas do noso colexio aos Bolechas e dispúxémonos a realizar unha busca de información sobre os tiburóns para poder dar resposta á pregunta de Braulio.



Descubrimos que os tiburóns son animais que pertencen á familia dos peixes e habitan nos diversos mares e océanos do planeta. Pero non teñen ósos... teñen cartilaxe para poder nadar a gran velocidade!

Aprendemos que existen mais de 375 tipos de tiburóns diferentes: tiburón branco, tiburón martelo, tiburón peregrino... E descubrimos algunha característica deles: teñen moi bo sentido do tacto, algúns comen peixes e outros só placto, poden chegar a medir mais de 18 metros e pesar mais de 20 toneladas...

Realizamos un vídeo con toda esa información e rematamos reflexionando sobre o papel importante que teñen os tiburóns mantendo o equilibrio e garantindo a diversidade de especies.



E ata podemos comer tiburón no comedor do noso cole!



Eche, eche... que aproveche!!

E para rematar ... un pouco de movemento bailando "Baby Shark"!!!





ATA PRONTO BOLECHAS!!!!



HALLOWEEN

Por fin este curso pudimos gozar outra vez desta celebración!

O noso cole volveu a ambientarse cas cabazas decoradas, cos mouchos, zombis, bruxas, vampiros, esqueletos e demais seres típicos destas datas.

Pasámolo xenial e vestímonos cos disfraces que nos apeteceu ou caracterizámonos coas caras pintadas e con complementos moi axeitados a estes días. Ata o menú do comedor estivo adaptado!!!

Aquí vos queda unha mostra.



Moitos ósos
hai por aquí!!







8

MAGOSTO

Sen tempo de recuperarmos do Samaín, o 5 de novembro celebramos o Magosto no noso cole. Para coller forzas merendamos o alimento típico destas datas: as castañas. Qué ricas!



Logo de facer a dixestión, xa estábamos preparados para recordar os xogos populares das nosas nais, pais, avoas e avos. Por grupos burbulla, xogamos a moitos xogos populares, entre eles: a risa, os bolos, a mariola, o ferrón, os zancos, a corda, a pita cega, carreiras de sacos...

Qué ben o pasamos!!!





A noia



O ferror

Os leolos



10

Correina de sacos

“O PERSOAL DE SOTAVENTO VISITOUNOS”

O día 18 de novembro veu visitarnos ao colexio persoal do Parque Eólico Experimental Sotavento, co gallo de achegarnos a importancia que ten o tema enerxético dende unha óptica obxectiva, constructiva e contextualizada; provocando en nós reflexións que nos levan a utilizar a enerxía de xeito racional.

Explicáronnos a diferenza entre os tipos de enerxía renovables e non renovables, ensináronnos maquetas de centrais térmicas e hidráulicas, mesmo experimentamos como funcionan as turbinas das centrais hidráulicas coa forza da auga e como se trasforma a luz solar en eléctrica nunha placa fotovoltaica.

Sen dubidalo, o que máis nos gustou foi que coa luz do sol fixeron “chocolate solar”, estaba boísimo!

Ata nos puxeron deberes! Debiamos mirar na casa cantos aparellos electrónicos hai enchufados sen necesidade e desenchufalos se fose posible para evitar consumir!


Moitas grazas pola súa visita, esperamos que volvan!




SAÍDA A LUGO

Despois de moito tempo sen realizar ningunha saída fóra do cole, o venres 12 de novembro fixemos a primeira excursión post-pandemia e con que ilusión a vivimos !!!

Saímos ás 9:30 h e a primeira parada foi o Centro de Interpretación Terras do Miño, a carón do río Rato, en Lugo. Neste centro explicáronos o que era unha reserva da biosfera e as características da propia Reserva da Biosfera das Terras do Miño, coñecendo a súa fauna e flora. Tamén vimos obxectos e outras antigüidades.



Logo de aprender tantas cousas, continuamos coa viaxe facendo a seguinte parada no Mazo de Santa Comba. Alí vimos un muíño precioso, cunha contorna privilexiada que forma parte da Reserva da Biosfera. No muíño observamos distintos mecanismos que funcionan coa forza da auga: o mazo, a serra, a moa de afiar... e vimos como se moen os grans de trigo ata obter a fariná. O poder da natureza é increíble!



E antes de emprender a viaxe de volta,
tocaba encher o bandullo no restaurante González,
en Outeiros de Rei. Alí tivemos unha visita moi
especial!



Qué bem se pasamos !!!





NADAL 2021-22

Este curso celebramos o Nadal dunha maneira un pouco diferente a como estabamos acostumados.

Para cumprir cas normas do protocolo Covid a maioría das actividades leváronse a cabo ao aire libre e tamén no polideportivo. Alí foi onde nos visitaron un rei mago co seu paxe, celebramos a nosa festa especial de noite vella tomando gusanitos cas campanadas e tomando o chocolate con churros, vestímonos con roupa elegante para esta ocasión.

Tivemos unha cita on-line con Papá Noel na súa casa en Laponia. Cantamos panxoliñas polo pobo xunto cos nenos e nenas da casa niño A Croa e tamén deixamos adornos decorativos en diferentes lugares da localidade.

Fixemos unha exposición de postais feitas polos alumnos e alumnas ca axuda das familias.

Para completar a celebración tivemos un rico menú no comedor con sobremesas típicas do Nadal.

Podedes ver unha pequena mostra a continuación.



Este
reloxo
está
sempre
en hora !







30 DE XANEIRO: DÍA DA PAZ E DA NON VIOLENCIA

Nestes tempos somos conscientes, máis ca nunca, da importancia da paz e da resolución de conflitos de forma pacífica.

Por iso, desde o cole, para celebrar o día da paz, realizamos unha cadea de boas accións. Durante esa semana fixeremos unha boa acción, axudando a alguén que a necesitaba, portándonos ben... Logo, escribimos esa acción nunha cartolina e a representamos cun debuxo. Unindo todas as accións conformamos a nosa CADEA da paz, que aínda segue ben amarrada na entrada do noso comedor.



20



FESTA DO ENTROIDO



Comezamos a semana do Entroido, do 21 ó 25 de febreiro, cos mandadiños da meca Menta.



A Meca Menta e os seus mandadiños:

O Luns 21: algo na cabeza

O Martes 22: o pescozo decorado

O Mércores 23: zapatos diferentes calzaredes

O Xoves 24: mandil e así non vos mancharedes

O venres 25: xuntade todo o anterior ou un disfraz vestiredes

21

Debido ás circunstancias extraordinarias que provocou a Covid-19, decretouse a prórroga do Ano Santo 2021 no ano 2022, co que se deu lugar ao primeiro Xacobeo bianual (2021-2022). Coincidindo con este evento, en Infantil e Primaria disfrazámonos de peregrinos. Os nenos da Casa Niño disfrazáronse de mecánicos.



Os nenos de Educación Infantil e Primaria



Os nenos da Casa Niño xunto cos de Infantil e Primaria



Saíndo do colexio para iniciar o percorrido pola vila.




Todos xuntos na plaza das Rodrigas, onde se celebrou o xuízo da Meca.

Unha vez indultada a meca, cantamos e bailamos ó son das cancións: *A Santiago voy* e *Carnaval, Carnaval*.



De volta no colexio

De volta no colexio, continuamos a troula no polideportivo ata a hora de xantar.



BO CAMIÑO

“VISITA A MONFORTE DE LEMOS”

O día 4 de maio os nenos de primaria do Ceip de Riotorto, fixemos unha saída solicitada pola Anpa á Deputación de Lugo e pertencente ao programa “Coñece a túa provincia”. A primeira parada que fixemos foi na “Produtora de audiovisuais”, onde nos recibiron marabillosamente; entre outras cousas, ensináronnos: o que é un produtor, un rexedor e un editor e que pasos hai que seguir para elaborar unha noticia; o que máis nos gustou foi cando nos sacaron fotos en grupos de tres, diante da pantalla croma, despois puxéronnos distintos fondos a cada grupo, ata saímos cun famoso!



Deseguido, emprendemos viaxe cara a Monforte acompañados por unha guía que nos foi contando curiosidades da nosa provincia, como que é a máis grande de Galiza en extensión (case 10.000 metros cadrados) e que en habitantes somos a terceira. Segundo nos iamós achegando, comentounos que Monforte de Lemos se encontraba na zona sur de Lugo, concretamente na Ribeira Sacra. Esta zona comprende parte das provincias de Lugo e Ourense, por ela pasan dous tramos do Camiño de Santiago, o Francés e o de Inverno.

Ao chegar á cidade de Monforte fomos a San Vicente. O primeiro que vimos, foi o palacio dos Cardeais, despois subimos á Torre da Homenaxe que é a máis alta de toda Galiza (30 m de alto) e por último, entramos a ver o alxibe no Mosteiro que hoxe é parador nacional.



De camiño ao Centro Histórico fomos pola xudaría, mesmo vimos as ruínas dunha sinagoga e o resto dunha cárcere.



Sobre as 14:30 entramos a comer ao restaurante El Cardenal (fíxose cargo de todos os gastos a Deputación de Lugo), estaba todo boísimo!



Xa co estómago cheiño fomos visitar o Museo do viño, alí explicáronnos que a zona da Ribeira Sacra ten máis de 2.500 ha con 5 zonas e 3 climas distintos. A Ribeira Sacra hidrátase coa neboa, o sol é moi importante pero pode estropear a uva, por iso hai viñedos ocultos ao sol, as vides mantéñenas en bancais que son terraciñas que se fan de 1 a 1,5 metros. Non queremos esquecernos de contarvos que nos fixeron unha cata de mosto!



Por último, vimos dende fóra o Colexio do Cardenal (Escolapios), este edificio está baixo o patronazgo da casa de Alba, construíuse entre os séculos XVI e XX e pertence a un estilo renacentista tardío e é semallante ao do Escorial.



Xa de volta á casa, no autobús pasámolo xenial saíndo cantar ao micrófono os que quixeron. Parecíamos unha orquestra!

EXCURSIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL

Á PISCIFACTORÍA “TROITAS GAVÍN” DE CRECENTE (A PASTORIZA) E Ó PARQUE DE MEIRA.

Para o xoves 5 de maio, a ANPA do CEIP de Riotorto organizou unha saída co alumnado de Educación Infantil do centro á **Piscifactoría “Troitas Gavín”** de Crecente (A Pastoriza) e ó **Parque de Meira**.

Sáímos do colexio ás 10:00h e chegamos á piscifactoría sobre as 10:40h. Unha vez alí, tras unha breve explicación técnica sobre a actividade que iamos realizar, comezamos a pescar as troitas. Os nenos estiveron sempre acompañados e axudados por algunha das persoas adultas que participamos na saída.

Cada neno pescou oito troitas que se levaron ó comedor do colexio e ó día seguinte foron degustadas por todo o alumnado do centro.



Lago de Pesca



Preparándonos...



Bo comezo!!



Esta para o caldeiro



Unha que quere ir para Riotorto



A por todas!!



Outra máis para a tixola



Descansando e repoñendo forzas logo dunha intensa mañá



Vista panorámica das presas



Finalmente visitamos as presas, onde podemos ver dende as troitas máis pequenas ata as máis grandes, asalmonadas.

Sobre as 12:30h despedímonos de “Troitas Gavín” e continuamos co noso itinerario rumbo a Meira. Alí xantamos sobre as 13:00h no restaurante “O Muíño”.



Despois de xantar, fomos ó parque a xogar.



Regresamos ó colexio sobre as 15:40h, despois de desfrutar dunha agradable xornada na que nos acompañou o bo tempo.

Moitas grazas a ANPA por invitarnos a esta excursión e por toda a axuda prestada.

Florencio Delgado Gurriarán



31

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

Florencio M. Delgado Gurriarán naceu nunha aldea do concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras, o 27 de agosto de 1903. Tiña seis irmáns maiores ca el.



Cando tiña dez anos marchou ca familia a Palencia, onde empezou o bacharelato, e despois a Valladolid, alí cursa a carreira de Dereito, que remata en 1924. Nos veráns volvía a Valdeorras o que lle permitiu manter as súas raíces e a súa lingua e estar plenamente integrado na vida da comarca.


Empezou a escribir de moi novo, nesa época foi cando comezou a publicar os primeiros versos nas revistas Heraldo de Galicia e A Nosa Terra pero non foi ata 1934 cando publicou o seu primeiro libro “*Bebedeira*” na editorial Nós, con poemas que loan o viño e a paisaxe.

Nunca abandonou o hábito de asinar a miúdo con pseudónimos como Korgomófilo, Nadel, Porto do Río, Xan do Sil ou Río Miño.



O seu compromiso con Galicia levouno a meterse na política. Foi membro das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista. Durante a Guerra Civil (1936) tivo que agocharse e marchar a Francia. Publicou poemas de loita e de denuncia do franquismo. Cando rematou a guerra en 1939 marchou xunto con outros refuxiados cara a México onde casou con Celia, (filla de emigrantes galegos), coa que tivo cinco fillos.

En México colaborou na revista *Vieiros* e no programa radiofónico *A hora de Galicia*. No 1943, saíu do prelo “*Galicia infinda*”, con 43 poemas que abranguen máis de 20 anos de traballo.



En 1986, publicou “*O soño do guieiro*”, un poemario con moitas composicións de corte político, moi críticas coa ditadura de Franco. Foi membro da Real Academia Galega e esta dedícalle o Día das Letras Galegas de 2022 pola súa contribución á defensa do noso idioma e da nosa cultura.

O día 14 de maio de 1987, aos 84 anos, morreu en California, cando visitaba unha das súas fillas. As súas cinzas foron trasladadas ao seu Córgomo querido, onde sempre quixo volver.



CERTAME DE DEBUXO E POESÍA AVELINO DÍAZ

Un ano máis por estas datas, os nenos e nenas do Ceip de Riotorto participaron encantados no certame de debuxo e poesía Avelino Díaz, todos eles deron o mellor de si e deixaron voar a súa imaxinación para facer uns debuxos ben orixinais os de idades comprendidas entre 3 e 8 anos e para facer unhas fermosas poesías, os de idades comprendidas entre 9 e 12 anos; sempre animados polos seus titores e familias.

Dende o centro sempre nos encontramos predispostos a fomentar a creatividade e o gusto pola poesía e como non, a honrar o poeta nacido na nosa vila e a dar a coñecer a súa obra.

Estamos moi satisfeitos das vosas creacións , sodes todos uns campións!



NORABOIA!


A PAISAXE FLOREADA

Na primavera
a paisaxe vai cambiando
e a xente pouco a pouco
vai alegrando.

Florece as flores,
cantan os paxaros,
e as bolboretas
polo ceo van voando.

Vanse os ourizos
e veñen as xoaniñas,
a xente alegre moito
con estas cousiñas.

Nos prados hai moitas flores
e nos pobos están contentos,
por todos eles hai amores
e bos sentimentos.



35

OS MEUS QUERIDOS ANIMAIS

Na casa da avoa
hai un montón de animais,
visítoos todas as tardes
e xogo con eles ademais.

Ten un can cariñoso
moi bo e mimoso,
xoga coma un campión
e come un montón.

Hai un gato branco e fermoso,
gústame porque é moi amoroso,
xoga coa la
e dorme canto a gana lle dá.

Escoito ao loro imitando á avoa
Que rico!, é moi gracioso!,
a ela parécelle odioso
pero eu poñeríalle unha coroa.

Nunha gaiola hai dous canarios
están todo o día cantando,
non coñecen os horarios
e gozan bailando.

Tamén hai un par de galiñas
o seu cuidado é necesario

e como se tratan como raíñas
poñen ovos a diario.

À cabra chámalle Paca,
como lle gusta saltar!
cando no prado está solta
brinca e corre sen parar.

Non lles falta de nada,
cúidos de boa gana,
eles danme alegría
e ata aquí a miña poesía.



DE "OBRAS" NA BIBLIO

As longo deste curso, foise habilitando a Biblioteca, co obxectivo de conseguir ter no cole un espazo de diversión pero tamén de aprenderse do que poder acudir. Así pois, para levar a cabo esta "obra" precisouse de novos mobelarios. Compráronse sillóns infantís e pufs, cos que poder relaxarse mentras se goza da lectura dun bo libro ou se charla tranquilamente un compañeiro/a.



Tamén se compraron novos libros para todas as idades e de todas as temáticas, para deste xeito ir renovando o catálogo de libro existente. Pero sen dúbida, a compra máis excitosa foi a de material manipulativo, con xogos cos que traballar a memoria, a atención, a percepción espacial, a motricidade, a expresión oral...



Con estos pequeños pero grandes cambios, a Biblioteca de noso cole volve ser un espazo importante do centro. Realízase servizo de préstamo de libros, podendo levar libros para ler na casa; e nos tempos de recreo as portas da Biblio permanecen abertas para poder xogar aos distintos xogos ou ler algún libro.





As "obras" non remataron, aínda queda moito por facer pero pasíño a pasíño faise o camiño. No vindeiro curso, as portadas da biblioteca continuarán abertas!

LER É SONAR COS OLLOS ABERTOS

PLAN PROXECTA:




PASAPORTE SOLIDARIO

As niñas e nenos de Primaria participamos no Plan Proxecta "Pasaporte Solidario."

Recopilamos no noso pasaporte todas aquelas boas e solidarias accións que realizamos durante este curso.

Foi moi gratificante de catarnos da morea de boas accións que realizamos de xeito solidario, sen esperar nada a cambio.



QUE É SER SOLIDARIO?

Unha persoa solidaria é a que ten a capacidade e a actitude para actuar con respecto e empatía, pensando no ben dos demais e da sociedade, sen agardar nada a cambio desta acción.

Algunhas das nosas accións solidarias foron:

- Boas accións diarias do noso calendario de advenzo.
- Cadela de boas accións o día da paz.
- Aprendizaxe do cuidado do medioambiente.
- Lantión en linguaxe de xestos pola día da discapacidade.
- Civismo e bo comportamento nas nosas excursións.
- Lectura de libros sobre a solidariedade.
- Envío de cartas aos nenos que quedaron sen cole pola erupción do volcán da Palma.
- Recollida de alimentos, roupa e comida para enviar a Ucraína.



A NOSA ANPA

A ANPA do noso cole é sinónimo de **UNIÓN**, **IMPLICACIÓN**, **MOTIVACIÓN** e **INTERESE**.

Millóns de GRAZAS por tanta axuda, apoio e participación:



OUTROS MOMENTOS ESPECIAIS...



*Videoconferencia con
Sonia Villapol....*



25 N...



*3 de decembro
Día da Diversidade*
CEIP A FONTENOVA
CEIP RIOTORTO
IES ENRIQUE MURUAIS



*Cantamos «Ven comigo» con lingua de signos
polo Día da Diversidade...*



Contacontos e
maxia polo 8M –
Día da muller,
grazas ao concello
de Riotorto...



Sementamos e coidamos pensamentos polo Día de Rosalía de
Castro...



43

Celebramos a Pascua...



O día do libro...



Charlas Plan Director sobre Acoso e Novas Tecnoloxías...



Participamos no proxecto «Alimentos da biosfera»...



Maqueta do Sistema Solar...



As nosas familias...



Os xirasoles xiran buscando a luz do sol. Mais... que acontece nos días nublados? Os xirasoles miranse uns a outros buscando a enerxía que precisan.
É a natureza a que nos ensina que se non temos sol todos os días...
TÉMONOS UNS A OUTROS!
Esta é unha semente de xirasol, cóidaa con moito cariño, como debemos coidar as nosas amigas e familia sempre. Eu farei o mesmo coa miña semente...

Proxecto de arte sobre Van Gogh...

Un ata sempre...

Carolina, Daniel, Paula e Óscar...

Fomos afortunadas e afortunados de poder gozar e aprender con vós desta etapa das vosas vidas no cole.

Que a nova andaina que ides comezar sexa marabillosa para vós, chea de novas vivencias, experiencias, aprendizaxes e moita felicidade.

Este sempre será o voso cole!



Paz,

A nosa súper-cociñeira!! Grazas por esforzarte tanto nos teus deliciosos menús. Non esqueceremos a túa saborosa tarta da avoa!



OS NOSOS

4º, 5º e 6º de
Educación Infantil



1º, 2º e 3º de
Educación Primaria

4º, 5º e 6º de
Educación Primaria



SE...



Respectamos aos compañeiros e compañeiras...



Axudamos cando o precisen...



Traballamos en equipo aprendendo xuntos...




Escoitamos e valoramos a diversidade de opinións...



O MUNDO será
cada vez MELLOR!

NESTE COLE... TODOS ENCAIXAMOS !



IMPRIME: CEIP DE RIORTORTO.

**AS RODRIGAS s/nº27744-RIORTORTO
TELÉFONO: 982870712
CORREO: ceip.riotorto@edu.xunta.es**

EDITA: CEIP DE RIORTORTO

**COLABORACIÓN:
ALUMNADO, PROFESORADO,
PERSONAL LABORAL E ANPA DO
CEIP DE RIORTORTO.**



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**